

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 24 DE SETEMBRO DE 2021.

Dá comezo a xuntanza ás 12:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, Juan Bautista Zalvide Torrente, Dolores Vilavedra Fernández, Carolina López Gómez, Margarita Estevez Súa, Juan Manuel Monterroso Montero, José Manuel Cifuentes Martínez, Ángel García Alonso, Ana María Porto Castro, Isabel Fraga Carou, Beatriz Álvarez Díaz, Valentín Estévez Souto, José Angel Fernández Escribano

Desculpan asistencia: José Miguel Túniz López, Rosa María Crujeiras Casais

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS
4. Informe das alegacións a os informes provisionais da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil
5. Asuntos de trámite
6. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Acta da Comisión do día 01/09/2021.

2. Informe do presidente da EDIUS

- Recibíronse os informes finais de renovación da acreditación de dous Programas de Doutoramento:
 - Programa de Doutoramento en Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social (**favorable con especial seguimento**)
 - Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica (**desfavorable**)

Como ocorreu nos anteriores informes de acreditación as comisións só están a ter en conta a normativa sen valorar os resultados dos programas de doutoramento. No caso de PD que recibiu o informe desfavorable só se alega como único motivo que non cumpre coa taxa de sexenios vivos do profesorado non tendo en conta os resultados do programa. Un informe final desfavorable implica que o programa de doutoramento non poderá ofertarse neste curso académico 2021/22.

Estase a traballar na elaboración dun recurso contra o informe final desfavorable emitido pola ACSUG para o Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica. No informe só se alega como único motivo que non cumpre coa taxa de sexenios vivos do profesorado non tendo en conta os resultados do programa. Dende a EDIUS vaise a realizar un informe para o recurso baseado nos méritos aportados por catro profesores que pertencen a dito programa e que non teñen sexenios pero si méritos equivalentes para un sexenio. Ademais, solicitouse unha reunión coa ACSUG para tratar este caso en particular.

- Están pendentes por fixar as datas de varias reunións das comisións de acreditación da ACSUG, de momento temos fixadas cinco para o mes de outubro.
- A reunión solicita a ACSUG para tratar o temas relativos os informes de seguimento e acreditacións dos programas de doutoramento non terá lugar ata que se acabe todo o proceso de acreditacións nas tres universidades do sistema galego.
- O longo deste curso académico a EDIUS terá que levar a cabo a elaboración do seu plan estratéxico.

3. Informe dos subdirectores da EDIUS

Non hai

4. Informe das alegacións a os informes provisionais da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil

A comisión informa favorablemente as alegacións a os informes provisionais da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil recomendando detallar as accións de mellora reflectidas en ditas alegacións presentándoas seguindo o modelo contemplado no autoinforme de acreditación.

5. Asuntos de trámite

Non hai

6. Rogos e Preguntas

Sen mais asuntos que tratar levantase a sesións as 13:15 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/11/2021 10:26:31.

Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF 35320748Q, 05/11/2021 10:40:57.

CSV: F2DC-370D-40AE-8BA4